



Guía Docente				
Datos Identificativos				2017/18
Asignatura (*)	Introdución aos Estudos Literarios	Código	613G01005	
Titulación	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Rodriguez Gonzalez, Olivia	Correo electrónico	olivia.rodriguez.gonzalez@udc.es	
Profesorado	Paz Gago, Jose Maria Rodriguez Gonzalez, Olivia	Correo electrónico	jose.maria.paz.gago@udc.es olivia.rodriguez.gonzalez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Conceptos básicos no estudo da literatura: xéneros, movementos e técnicas de análise literaria.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias do título
Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.	A10		
Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.	A14		
Coñecer as correntes teóricas da ciencia literaria	A3 A14		
Coñecer as literaturas en lingua galega, española e inglesa.	A7		
Conocer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.	A1		
Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.	A11		
Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.	A15		
Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua española.	A5		
Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.		B1	
Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.		B2	
Adquirir capacidade de autoformación.		B3	
Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.		B5	
Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.		B6	
Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.		B7	
Apreciar a diversidade.		B8	
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.		B9	
Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.		B10	
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.			C1
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.			C3
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.			C4
Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.			C7



Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.			C6
Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.	A2		
Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno	A9	B4	

Contidos	
Temas	Subtemas
1.Fundamentos dos estudos literarios.	-Obxecto e método -Dominios da ciencia literaria -Lingua e comunicación literarias -Periodización literaria -Xéneros literarios
2.Panorama histórico da Teoría literaria. Primeira parte	- Antigüidade Clásica - Idade Media e Clasicismo
3.Panorama histórico da Teoría literaria. Segunda parte	-Romanticismo. Positivismo -Principais correntes dos ss. XX-XXI
4. A lírica	-Concepcións da lírica e xéneros históricos -Métrica e retórica -Teoría da función poética -Enunciación e pragmática líricas
5. A dramática	-Semiótica teatral. Drama e Espectáculo -Tempo e espazo -Personaxe e público -Xéneros históricos. Teoría aristotélica da traxedia
6. A narrativa	- Narratoloxía da historia e do discurso - Modalización narrativa - Temporalización e espacialización narrativas - O personaxe narrativo - Xéneros históricos

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	A11 B1 C3	1	2	3
Sesión maxistral	A1 A2 A3 B3 B5 C1 C4	21	30	51
Resumo	A11 C1	1	3	4
Aprendizaxe colaborativa	A1 A2 B8 B10 C4	1	3	4



Presentación oral	A1 A2 A5 A9 A15 B2 B4 B5 B6 B8 C1 C3 C4 C6	1	1	2
Obradoiro	A1 A2 A7 A11 A14 B3 C5 C6	4	4	8
Esquemas	A2 A10 A11 B7	1	3	4
Recensión bibliográfica	A1 A2 A7 B7 C1	1	8	9
Lecturas	A5 A14 B1 C7	1	40	41
Proba mixta	A1 A2 A3 A5 A7 A11 A14 A15 B5 B6 B7 B10 C1	2	12	14
Prácticas a través de TIC	B1 B2 B3 B5 B6 B9 B10 C3 C6	1	6	7
Atención personalizada		3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	Para a elaboración de traballos procuraranse documentos diversos que serán especificados na aula polo profesor ou a profesora
Sesión maxistral	Sesións de exposición oral por parte do profesor ou profesora, que se esforzarán en transmitir contidos relevantes, aclarando dúbidas xurdidas. É a parte máis importante na transmisión de coñecementos.
Resumo	Práctica que acompaña a elaboración de esquemas
Aprendizaxe colaborativa	Os alumnos utilizarán distintas ferramentas de documentación para solucionar problemas e atopar resultados en común
Presentación oral	Os alumnos escollerán unha obra literaria entre as propostas na aula para o traballo en grupo, e as súas conclusións serán expostas oral e publicamente.
Obradoiro	Traballo na aula sobre distintas cuestións que presenta o fenómeno literario.
Esquemas	Práctica para a constatación dunha boa lectura de artigos, capítulos e outros textos documentais.
Recensión bibliográfica	As obras literarias asignadas a cada estudante serán obxecto de recensión seguindo as pautas dadas na aula
Lecturas	É a metodoloxía fundamental para iniciarse no estudo da literatura: haberá lecturas teóricas e lecturas de obras literarias.
Proba mixta	Trátase dunha proba escrita que poderá constar tanto de respostas longas e ben argumentadas, como de respostas breves e tipo test, así como de comentarios de breves textos teóricos ou literarios. Na primeira convocatoria referirase á parte teórica da materia. Na segunda convocatoria, incluirá tamén exercicios prácticos para os que non superen as prácticas de aula.
Prácticas a través de TIC	A investigación literaria debe moito ás TIC, imprescindibles para acopio de datos e relación de fenómenos. Realizaranse, se é posible, prácticas na aula net.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais Resumo Obradoiro Esquemas Recensión bibliográfica	A atención personalizada levarase a cabo en función das necesidades do grupo de alumnos ou do estudante en particular, tanto na aula como a través do correo electrónico, o uso da plataforma moodle, ou o diálogo real en horas de atención ao estudante. Para que se realice axeitadamente, é indispensable que os alumnos acudan ás aulas e participen activamente nelas.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación



Proba mixta	A1 A2 A3 A5 A7 A11 A14 A15 B5 B6 B7 B10 C1	Cualificación na proba ou exame.	50
Obradoiro	A1 A2 A7 A11 A14 B3 C5 C6	Na aula de prácticas se avaliará o proceso de traballo individual e en equipo	10
Presentación oral	A1 A2 A5 A9 A15 B2 B4 B5 B6 B8 C1 C3 C4 C6	Terase en conta na súa avaliación o coñecemento da materia que o alumno demostre, así como a súa habilidade comunicativa e dominio da lingua oral na exposición na aula.	10
Sesión maxistral	A1 A2 A3 B3 B5 C1 C4	A participación do estudante na aula da sesión maxistral será considerada como parte da avaliación do curso	5
Lecturas	A5 A14 B1 C7	Avaliarase o traballo de lectura realizado polo alumno	10
Recensión bibliográfica	A1 A2 A7 B7 C1	Avaliación da resposta do alumno no referente ao seguimento da orientación exposta na aula pola profesora ou profesor, para a realización de recensións, fichas ou comentarios de lecturas	15

Observacións avaliación

1) Na 1ª oportunidade da convocatoria única (ao final do cuadrimestre correspondente), realizarase unha proba mixta, cuxa nota se unirá á obtida nos traballos prácticos levados a cabo durante o curso. O calendario para a realización dos traballos prácticos será comunicado ao inicio do curso. 2) Na 2ª oportunidade da convocatoria única, en xullo, realizarase unha proba mixta que constará dunha parte teórica e outra práctica (esta parte práctica pode completarse co traballo que o docente encargue para esta oportunidade). 3) Na primeira oportunidade de avaliación, será considerado NP o alumno que non se presente á chamada "proba mixta", aínda que teña realizado os traballos prácticos durante o curso. 4) Os alumnos pendentes só desta materia para graduarse e que se presenten á convocatoria adiantada (en decembro) deberán axustarse ás normas que rexen para a 2ª oportunidade (a de xullo). 5) Repetidores ou alumnos con exención de asistencia, por razóns laborais ou doutra índole, deberán poñerse en contacto co docente ao inicio do curso -e non máis tarde- para a organización da súa docencia. No relativo ás prácticas, estas poderán seguir o ritmo de entrega que se estableza para todo alumnado, ou, de ser imposible o seu seguimento, confeccionarase un calendario de entrega adaptado ás necesidades do estudante en concreto. Tamén se programarán titorías presenciais e non presenciais para cursar satisfactoriamente a materia. 6) En calquera das convocatorias, o alumno deberá obter unha nota mínima de 5 para aprobar a asignatura, tal e como establece a normativa da Facultade de Filoloxía. 7) Os traballos nos que o alumno plaxie serán penalizados cunha nota de 0,00. 8) As probas escritas e os traballos deben realizarse con corrección lingüística: o docente baixará a nota por erros de acentuación, ortografía, puntuación ou concordancia sintáctica. Ou por redundancias excesivas, falta de precisión ou pobreza léxica, uso de abreviaturas ou utilización dun rexistro non formal.

Fontes de información



Bibliografía básica

- CABO ASEGUINOLAZA, Fernando / RÁBADE VILLAR, María do Cebreiro (2006). Manual de Teoría de la Literatura.. Madrid. Castalia
 - CASAS, Arturo (coord.) (2005). Elementos de crítica literaria. Vigo. Xerais
 - GARRIDO GALLARDO, M. A. dir. (2009). El lenguaje literario. Vocabulario crítico. Madrid, Síntesis
 - GARRIDO GALLARDO, Miguel Ángel (1998). Teoría de los géneros literarios. Madrid. Arco
 - GARRIDO, Miguel Ángel (2000). Nueva introducción a la teoría de la literatura. Madrid, Síntesis
 - GUILLÉN, Claudio (2005). Entre lo uno y lo diverso. Introducción a la literatura comparada. Barcelona. Tusquets
 - GUTIÉRREZ CARBAJO, Francisco (2002). Movimientos y épocas literarias.. Madrid. UNED
 - LAPESA, Rafael (2004). Introducción a los estudios literarios. Madrid. Cátedra
 - SILVA, Vítor Manuel de Aguiar e (2000). Teoría e metodoloxía literarias. Lisboa, Universidade Aberta
 - VILLANUEVA, Darío (1994). Curso de teoría de la literatura. Madrid. Taurus
 - VIÑAS PIQUER, David (2002). Historia de la crítica literaria. Barcelona. Ariel
 - PAZ GAGO, J. M. (1999). La recepción del poema. Pragmática del texto poético. Kassel, Reichenberger
 - PAZ GAGO, J- M. (1995). Semiótica del Quijote. Teoría y práctica de la ficción narrativa. Amsterdam y Atlanta, Rodopi
 - PAZ GAGO, J. M. (2012). La revolución espectacular. El teatro de Valle-Inclán en la escena mundial. Madrid y Barcelona, Castalia
- O PROFESOR INDICARÁ NA AULA AS OBRAS LITERARIAS QUE CADA ALUMNO DEBERÁ LEER MODO DE ORIENTACIÓN, INDÍCANSE A CONTINUACIÓN EXEMPLOS DE POSIBLES LECTURAS:
- LÍRICA George G. Byron, Baron (1788-1924), Poemas escogidos Charles Baudelaire, Les fleurs du mal (1857), As flores do mal, Las flores del mal Gustavo Adolfo Bécquer, Rimas (1859-1870) Rosalía de Castro, En las orillas del Sar (1884) Thomas S. Eliot, The Waste Land, La tierra baldía/ estéril (1922) Dylan Thomas, The Poems (1934-1952), Poemas Luís Seoane, Fardel do esilado (1952) Luis Cernuda, La realidad y el deseo (1924-1962) Pier Paolo Pasolini, Le ceneri di Gramsci (1957), Las cenizas de Gramsci Xosé Luís Méndez Ferrín, Con pólvora e magnolias (1976) Luz Pozo Garza, As arpas de Iwerddon (2005) Valente, José Ángel, Poesía (Visor, 20013) TEATRO Eurípides, Electra (s. V a C.) Ramón del Valle Inclán, Divinas palabras (1920), Luces de Bohemia (1920) Luigi Pirandello, Sei personaggi in cerca d'autore (1921), Seis personaxes na procura de autor, Seis personajes en busca de autor Bertolt Brecht, Mutter Courage und ihre Kinder (1939-1949), Madre Coraje y sus hijos, Nai Coraxe e mais os seus fillos Jonh B. Priestley, An inspector calls (1946), Llama un inspector / Ha llegado un inspector, Chama un inspector. Arthur Miller, Death of a salesman (1949), A morte dun viaxante, La muerte de un viajante Roberto Vidal Bolaño, Doentes (1998) Juan Mayorga, Himmelweg. Camino del cielo (2003) Rubén Ruibal, Limpeza de sangue (2006) NARRATIVA Miguel de Cervantes, Don Quijote de la Mancha (1605, 1615) Charles Dickens, A tale of two cities (1859), Historia de dos ciudades León Tolstoi, Smert Ivana Ilyichá, A morte de Iván Ilich, La muerte de Iván Illich (1886) Franz Kafka, Das Schloß (1922), El Castillo John Dos Passos, Manhattan Transfer (1925) Vicente Risco, O porco de pé (1928) Gonzalo Torrente Ballester, Don Juan (1963) Julio Cortázar, Rayuela (1963) Friedrich Dürrematt, Das Sterben der Pythia (1976), La muerte de la Pitia Carme Riera, Dins el darrer blau (1994), En el último azul Eva Moreda, A Veiga é como un tempo distinto (2011) ENSAIO LITERARIO Virginia Woolf, A room of one's own (1929), Un cuarto de seu, Una habitación propia Manuel Azaña, La velada en Benicarló (1937-1939) Mario Vargas Llosa, La verdad de las mentiras. Ensayos sobre la novela moderna (1990) Casares, Carlos, Un país de palabras, Galaxia, Vigo (1998) Miguel Anxo Murado, Fin de século en Palestina (2008) Baceiredo, Rebeca, A revolución non vai ser televisada (2013) RECURSOS DIXITAIS (revisados en xuño de 2016) Biblioteca Virtual Galega (Literatura galega), Universidade da Coruña: <http://bvg.udc.es/BibliotecaVirtual> Cervantes (Literatura española, iberoamericana, galega, catalá, etc.), Universidade de Murcia: <http://www.cervantesvirtual.com/PortalLiteratura> Vasca: <http://www.basqueliterature.com/es/loturak/euskalitLiteratura> catalá en líña: <http://www.lletra.com/BibliotequesVirtuais> en inglés (Literatura angloamericana e traducións doutras literaturas): http://www.online-literature.com/author_index.php <http://www.bartleby.com/authors> <http://www.bibliomania.com/bibliomania-static/index.html> Diccionario galego RAG: <http://academia.gal/diccionario#inicio.do> Diccionario español RAE: <http://buscon.rae.es/drae/> Diccionario inglés: <http://www.wordreference.com/es/> Teoría literaria en Internet: Casas, Arturo (2012 [2002]). Bibliografía sistemática de Teoría literaria. Número monográfico do Boletín Galego de Literatura: 26. reedición en www.poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. http://www.poesiagalega.org/uploads/media/casas_2002_biblteorialit.pdf Glosario de narrativa, extraído de

Darío Villanueva, Comentario de textos narrativos: la novela . Gijón: Ediciones Júcar, págs 181-201:<http://faculty.washington.edu/petersen/321/narrtrms.htm>Retórica: The Forest of Rhetoric. Silva Rhetoricae: <http://humanities.byu.edu/rhetoric/silva.htm>A isto engádense Páxinas web de fundacións e persoais de autores (procura en buscadores)



Bibliografía complementaria	PARA CADA UN DOS TEMAS INDICARASE UNHA BIBLIOGRAFÍA ESPECÍFICA E ACTUALIZADA PARA USO PERSOAL DO ALUMNO EN FUTUROS TRABALLOS.
------------------------------------	---

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Antes de comezar o curso, ler unha obra de introdución á Teoría da literatura das que se indican na Bibliografía básica. Ir a clase

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías